

PROCEDEMENTO PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN (ED550B) CURSO 2025/2026




Prazo de presentación de solicitudes: do 1 ao 20 de marzo de 2025.

- A solicitude de admisión presentarase no centro indicado en primeiro lugar, alegando os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren, e poderá conter ata 6 centros por orde de preferencia.
- A solicitude será única e terá carácter vinculante.
- A solicitude deberá estar asinada por unha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do/a alumno/a, e debe constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (ANEXO II-bis).
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe, e presentar un escrito de renuncia no centro coa data límite do día 28 de febreiro de 2025.

Presentación das solicitudes de admisión:

1. De **forma presencial** no centro docente, mediante o **formulario** normalizado **ED550B**.
2. A través da **aplicación** de xestión do proceso **admissionalumnado**.
 - Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
 - Cubrir o formulario e coa **Chave 365** asinala en Sede Electrónica.



Documentación complementaria:

- **Anexo II** (ED550B).
- **Copia do DNI da persoa solicitante** e dos membros computables da unidade familiar, cando deneguen a súa consulta automatizada.
- **Orixinal e copia do libro de familia ou documento equivalente** onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán aportar a **sentencia xudicial de separación ou divorcio** e/ou o **convenio regulador** onde conste a custodia do menor.
- **Certificado de convivencia ou de empadramento** expedido polo concello con antigüidade mínima de 1 ano (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar).
- **Familia numerosa.** Consulta automatizada. No caso de denegar a consulta presentar copia cotexada do título oficial de familia numerosa.
- **Domicilio laboral** (só en caso de puntuar polo criterio de proximidade do centro educativo ao lugar de traballo).
- Libro de familia ou **certificación de parto múltiple**.
- **Documentación xustificativa da condición de familia monoparental.** Certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.
- **Certificado de discapacidade** da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración autonómica.
- **Renda anual per cápita da unidade familiar.** Para o cálculo sumaranse as casiñas 435 (base impoñible xeral) e 460 (base impoñible do aforro) das declaracións do 2022, segundo se realicen xuntas ou por separado e dividida entre o número de membros computables da unidade familiar.
- **Criterio complementario** aprobado polo centro*: ser filla ou fillo de exalumna ou exalumno do centro escolar.

(*) Aprobado pola titularidade do centro por proposta do Consello Escolar.